

ACTA DE REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO ACORDO DE SELECCIÓN TEMPORAL, ACCESO INTERNO E ADSCRICIÓN PROVISIONAL

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Raquel María Souto García

Vicexerente de Recursos Humanos:

José González Groba

Servizo de PAS:

José Fernández Viña (xefe de servizo)

Margarita González Hernández (xefa de sección)

Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge (CCOO, Presidente)

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

Carlos Mollinedo (CIG)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG, Presidente)

XUNTA DE PERSOAL

Xoan Cebro Rodríguez (CIG, Presidente)

María José Rios Santomé (CIG, secretaria)

María Moreira Sendón (UGT)

Acta da reunión celebrada o 24 de setembro de 2019 ás 10:00h, na sala de xuntas do Edificio Exeria coa asistencia das persoas citadas e de acordo coa seguinte ORDE DO DÍA:

1. Proposta de criterios de xestión de listas de agarda para contratación/nomeamento temporal.
2. Posibilidade de elección de destino por campus nas ofertas de traballo temporal, a petición das persoas interesadas.
3. Rogos e preguntas.

1. Proposta de criterios de xestión de listas de agarda para contratación/nomeamento temporal.

A xerenta comeza expoñendo que o obxecto da reunión é propoñer criterios para elaboración e a xestión das listas de agarda. Di que a proposta de Xerencia está explicada no documento enviado xunto coa convocatoria. Resume a proposta explicando que no primeiro punto se propón que, todas as persoas que se presenten e non superen as probas de acceso pero si polo

menos un dos exames sexan anotadas de oficio nas listas de agarda que xere o proceso. O segundo punto da proposta consiste en que tanto os interinos como laborais temporais que ocupen unha vacante ou sexan contratados por tempo superior a 6 meses non poden optar por outro contrato cando se trate do apartado d) do acordo.

O presidente do Comité de Empresa de Pontevedra (CEPO) di que no se refire ao primeiro punto da proposta, está de acordo.

O presidente do Comité de Empresa de Ourense (CEO) tamén manifesta o seu acordo co punto primeiro.

O presidente da Xunta de PAS tamén manifesta a súa conformidade.

O Vicexerente de RRHH fai referencia ao epígrafe 5.2 c) da proposta. Di que isto vai orientado ao persoal funcionario interino en vacante, debido a que é unha cuestión trasladada tanto por xefes de servizo como por administradores/as. Non se atopa lóxica a que a un interino/a en vacante se lle ofrezca outra vacante, por que isto repercute no servizo debido a que está a rotar continuamente o persoal e tamén repercute no propio persoal porque cando consegue formarse vaise a outra praza. Aclara que sempre que estas rotacións se produzan na mesma localidade.

O presidente da Xunta de PAS di que ao apartado 5.2 b) da proposta, se debería engadir “...ou un nivel de Complemento de Destino superior”

A xerenta responde que iso xa está contemplado no último apartado da proposta onde di que “Ao persoal contratado ou nomeado interinamente en vacante non se lle realizará a oferta prevista no apartado c), agás que se trate de postos vacantes da mesma escala e superior nivel de complemento de destino.”

O presidente do CEO di que se alegra de que despois de varios anos se reúna a Comisión de Seguimento dos acordos do ano 2009 pero considera que do que se está a falar na mesa non é o obxectivo principal que persigue esa comisión de Seguimento. Por outro lado engade que o Persoal Laboral está en período electoral e como do que se está a falar é modificación do convenio, non lles corresponde modificalo a eles senón aos novos comités elixidos nos vindeiros meses.

O presidente do CEPO di que pola súa banda non se van a meter en nada que retraia dereitos aos traballadores. Lembra que custou moito chegar aos acordos de 2009 e conseguir ter un procedemento para chamamentos medianamente lóxico.

A Xerenta aclara que non se detrae ningún dereito porque é o mesmo nivel e a mesma retribución ademais porque de haber cambio de quenda ou de campus entón si se permitiría. A modificación proposta é unha forma de xestionar as listas por motivos organizativos.

O presidente da Xunta de PAS di que o dereito da persoa xurde no momento no que é nomeada ou contratada para o posto, e ofrecerlle un posto nun centro ao lado non é darlle nin retraerlle dereitos.

Pablo Álvarez di estar de acordo co exposto polo presidente do CEPO e o presidente do CEO. Considera que no PAS laboral non xera problemas a xestión tal como está, e que os posibles

desaxustes resólvense cumprindo co convenio e convocando un concurso de traslados anualmente.

María Moreira di que visto o acordo publicado e as funcións desta Comisión, non se pode modificar o texto do mesmo deste xeito, engade que UGT non está de acordo coa modificación proposta por Xerencia porque consideran que se retraen dereitos acadados nun acordo. Cre que ademais é algo que non está a afectar tanto aos servizos.

A xerenta responde que este asunto afecta e moito aos Servizos.

O presidente da Xunta PAS está de acordo con asinar esta proposta de Xerencia.

Acórdase asinalo só por parte da Xunta de PAS polo que só se aplicará ao persoal funcionario. En canto aos laborais, unha vez que se constitúan os novos comités, tentarase negociar de novo este tema.

2. Posibilidade de elección de destino por campus nas ofertas de traballo temporal, a petición das persoas interesadas.

O Vicexerente de RRHH di que hai dúas peticións para que se restrinxan os chamamentos só ao campus de Ourense.

A Xerenta propón abrir a posibilidade de elixir a localidade onde traballar sempre que sexa por motivos de saúde. Isto xestionaríase cunha lista única, non unha lista por campus, onde figuraría cada persoa coa petición do ámbito que elixira. Se non se fixera ningunha elección asignaríase de oficio os tres campus, tendo posibilidade de elixir só un.

O presidente do CEO segue coa opinión de que esta non é a comisión á que lle corresponde aprobar estas cuestións, xa que é unha comisión de seguimento e non de cambios estruturais. Lembra que están en funcións e non van a aprobar nada neste tempo.

A xerenta quere deixar claro que a proposta que se fai débese a motivos organizativos e de mellora na xestión, e nada ten que ver se xera máis ou menos traballo ao servizo de PAS.

O presidente do CEPO encontra moitas vantaxes en que se delimite o campus no que traballar e se poida elixir. Está de acordo co proposto aínda que habería que perfilar o texto.

A xerenta propón que se poida modificar unha vez ao ano a elección primeira, por exemplo por motivos de cambio de residencia, etc. Propón tamén aos Comités de Empresa que se o consideran oportuno se deixe a redacción para estudala despois das eleccións.

Pablo Álvarez di que hai prazas por riba da RPT de Grupo II chamadas dunha lista irregular facendo traballo estrutural (e non cobrando polo convenio) que antes facían os grupos I. Di tamén que se amortizou de facto unha praza de Grupo I que si está na RPT e hai unha lista do Grupo I da que se podería facer chamamentos e non dunha lista caducada e cunha sentenza en contra.

O Vicexerente de RRHH responde que non se recibiu ningunha petición da responsable da unidade reclamando a dotación de persoal da lista de agarda do grupo I.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 11:35h.



The bottom of the page contains several handwritten signatures in blue ink. On the left side, there are three distinct signatures, with the top one being the most prominent. In the center, there is a large, stylized signature that appears to be 'G. D.'. To the right of this, there are two more signatures, one of which is a simple 'H' or similar character. On the far right, there is a small, final signature.